

1) **Poñer o verbo que vai entre parénteses en presente de indicativo**

1. O que nós (DICIR)... vai á misa.
2. (ESTAR)... agardando a que me poñas a inxección e comezo a cansarme.
3. Xa que non (FACER)... falta aquí, voume.
4. Cando ti me (VIR)... ver, algo raro acontece.
5. Como (VER)..., xa cho teño todo en orde.
6. (IR)... todo recto e despois colledes á esquerda.
7. Eu (PÓR)... do bolso a metade do orzamento da sociedade.
8. Cando el (PÓR)... cara de ferreiro, hai que liscar.
9. Se ti (PÓR)... outro tanto, acepto.
10. Iso non (SER)... conveniente para vostede.
11. (TER)... que decidirte dunha vez.
12. Martiño (TER)... un xenio condenado.
13. Nós (TER)... os mellores exemplares porcinos da zona.
14. Sempre (SER)... os mesmos os que trepades a herba do xardín.
15. Eles (TER)... moito que contar das súas viaxes.
16. Pero non (VER)... que vos estades a pasar co rapaz?
17. Os pais sempre (VER)... as cousas desde outra perspectiva.
18. Cando (VIR)... o teu curmán que está en Irlanda?
19. Vós (VIR)... algo cedo de máis.
20. Non (FACER)... falta que te poñas tan serio.

2) **Cambiar os futuros para presente de indicativo**

1. Logo virei polos resultados.
2. Non caberá todo dentro da caixa.
3. Xa dará o Paio o sinal acordado.
4. Dirano todo, sen ocultaren nada.
5. Farás unha ponte para acurtar o camiño.
6. Estes farán sempre as cousas ao revés.
7. Non terei máis remedio que esquecelo.
8. Saberán moito, mais non o demostran.
9. Irei en avión que é moito máis rápido.
10. Proporemos que renuncie a directiva actual.

3) **Cambiar os copretéritos para pretéritos**

1. Eu non podía con aquel saco de cemento.
2. Cando ela quería, puña unha cara de defunto estarredora.
3. Daquela nunca diciades unha verdade.
4. Segundo ti, eu era o que mellores notas levaba.
5. Como non lle cabía todo na botella, bebeu o sobranle.
6. Como non podíades conseguilo, non vos interesaba.
7. Como iamós de vagar, non nos molestaba a xogada.
8. Cando a situación se recompuña, houbo unha nova crise mundial.
9. Cando me contradicían, saltábanme os nervios.
10. Non sabía eu o que pasaría de alí en diante.
11. Ías ao traballo cando te avisei da folga.
12. Mentres traíamos os tixolos, eles ían facendo a masa.
13. Víña eu tan despistado, que batín de focifos cun semáforo.
14. En 1963 Alba tiña unha casaña na Lanzada.
15. Como non conviñamos nada, disolveuse a xuntanza.

4) **Cambiar as frases para a persoa indicada**

1. Non damos rematado a tarefa a tempo. (el...)
2. Facemos demasiadas cousas a un tempo. (ti...)
3. Non cabemos dentro dos seus esquemas organizativos. (eu...)
4. Sempre facedes as mesmas falcatruadas. (el...)
5. Estamos cansos de te aturar, meu vello! (eu...)
6. Dicimos sempre o que pensamos. (el...)
7. Non somos quen de resistirmos os seus ataques. (ti...)
8. Non sabes qué facer con tantos cartos. (eu...)
9. Sodes do máis esperto. (eu...)
10. Non valen para afrontaren estas responsabilidades. (eu...)
11. Valedes máis do que pensades. (el...)
12. Traemos os repostos para a máquina. (eu...)
13. Con estes anteollos vemos de marabilla. (eu...)
14. Traedes todo o pedido? (ti...)
15. Imos ver como anda o tempo. (el...)
16. Viñemos con este novo grupo pop. (eu...)
17. Vimos un espectáculo de maxia singular. (eu...)
18. Destes moito que falar aquel verán. (eu...)
19. Demos en chorar como nunca se vira. (el...)
20. Viñeron con moita preña. (el...)

5) **Transformar as frases encabezándoas polo adverbio quizais**

1. Concluirei os traballos preparatorios.
2. Convencerémolos de contado.
3. Traduciremos algúns textos do italiano.
4. Nomearemos os máis capacitados para este posto.
5. Con tanto ruído na rúa tolearedes.
6. Amontoarán todo, coma sempre, no cuarto.
7. Roerá todo o queixo.
8. Moeredes o millo xa co novo miño.
9. No xantar de mañá riremos coas túas historias.
10. Eles crerán todas as túas afirmacións.
11. Sairán antes os vermello.
12. Cambiarei viño por aceite na Feira Franca de Pontevedra.
13. Afiarei o coitelo para sangrar os porcos na matanza.
14. Substituirannos por outras mellores.
15. Diluiremos todos os compostos.
16. Durmirei como un rei esta noite.
17. Servirémvos con todo o luxo posíbel.
18. Caberá todo o viño dentro da pipa.
19. Dirás unhas palabras de recibimento.
20. Afarédesvos moi ben nesa vila tan agradábel.
21. Mañá traerei o libro das normas de circulación.
22. Teremos moito traballo atrasado polas vacacións.
23. Serás a actriz máis coñecida de Galiza.
24. Porei os grelos a ferver polas doce.
25. Virán todos os compañeiros á festa.
26. Alí poderá facer o que lle pete.
27. Entón valerán moito máis do que hoxe.
28. Non saberei o que facer contigo nun lugar descoñecido.
29. A Noite Vella veremos a televisión ata as catro da mañá.
30. Extraeredes algunhas conclusións do noso traballo.

EXERCICIOS VERBOS

1. Corrixe os erros que observes:

Comimos e bebimos antes de saír.

Haixa ou non razóns, non quero que volva a suceder

Vén xa! Non vés que te demorache?

A el elle o mesmo un que outro.

Abríamos moito o paso cando andábamos.

Non me estraña que non cabas, pois eres ben alto.

Se non caiu, estará a punto.

Dinlle o teu nome porque me pediu algunha referencia.

Creo que ven hoxe.

Creio que van faguer o mesmo.

Compre que veñas axiña.

Fixéstedes todo o labor perfectamente.

2. Cambia os presentes por futuros de indicativo:

Quero ir como fago sempre.

Dá o que pode, e ti velo ben.

Non cabe pola porta. Agardo para abrialle a outra folla.

Sabemos menos do que cremos.

Ten un ás agachado. Espero a que o saque.

Intento comprobar a súa versión.

Comprometen o seu creto. Actúan mal.

Din cousas de máis e falan o que non deben.

Vou axiña. Ti estás xa ?

Poden facelo, pero teñen problemas.

3. Pon os verbos en copretérito:

.....(estar) a ver o partido, e non(poder)
crer o que(ver).

Pois ti(ser) moi pequeno daquela, por iso non
.....(saber) o que realmente
.....(suceder).

.....(traer) moitas lambetadas, e os rapaces
.....(pelexar) por elas.

Vós(ir) moi tranquilos, pero nós non vos
.....(ver) demasiado satisfeitos.

Eles(estar) tan decididos coma vós, porque
tamén o(ter) que ver claro.

Como non o(ter) tivo que compralo.

Se lle(facer) caso,(vir) onda ti.

Sempre(andar) con moita tranquilidade.

4. Pasa os presentes a pretéritos de indicativo:

Aprovéitanse máis do que merecen.

Substitúen as pezas gastadas e así evolúe favorablemente
a produción.

Ofrézoche máis e produces menos?

Destitúes o xefe e así non hai problemas.

Tradúceo oralmente ao falar amodo.

Conducen sen tino e producen moito ruído.

Combaten e rebaten todo o que veña de vós.

Produzo menos do aconsellable.

Ando levando os vultos para a nova casa.

Agora rides moitos, despois seguro que chorades.

5. Pon en presente de subxuntivo:

Para que o(deixar) ir, pídelles que antes
.....(comer).

Cando(saír) da casa, que nos
.....(avisar).

Para que os(traer), tedes que convencelo.

Cando(chegar), que me(chamar).

Que o(coller) axiña.

Cando(haber) máis sol, vou á praia.

Cando(poder), que mo(dicir).

Como(ter) tempo e non o(traer), xa
veredes.

6. Pon en pretérito de subjuntivo:

.....(comer) o que(comer) nunca estaba cheo.

Desexabamos que nos(traer) algunha lambetada.

Se lles(facer) menos caso, non lles darían tanto a lata.

Se os(chamar) agora, comprobarían que non foron.

Pedíronlles que mentres agardaban(repasar) os temas.

Se o(saber), diríamos.

7. Di en que modo, tempo, persoa e número están as seguintes formas verbais:

Baixaría

Compráramos

Pase

Chovía

Falastes

Cansásedes

Falou

Comemos

Tomaría

Atendíamos

Andando

servira

8. Pon en presente de indicativo os verbos que van entre parénteses:

.....(perseguir) os mesmos fins ca nós.

Non(conseguir) moito con eses modais tan groseiros.

Se hoxe non te(lucir) non aprobarás.

Os pais non lle(consentir) tantos caprichos.

Estas noites non(dormir) aquí, que están fóra.

Se che(servir), empréstocho.

Os rapaces(sentir) que vos vaiades tan pronto.

Bieito(mentir) máis do que fala.

.....(ferir) a súa dignidade cada vez que falan.

.....(servirse) dos mesmos mecanismos ca vós.

9. Pon o verbo en antepretérito de indicativo:

Aquel día, antes de ir á festa, (estar).....sachando nas patacas.

Xa (ter).....nós a Francisco cando el marchou para o Brasil.

A este neno non o (ver).....xa o oculista o ano pasado?

Cando o chamei por teléfono xa (poñer).....a auga a ferver.

Dixo que non (poder).....vir á vosa festa de cumpreanos.

Se xa lle (dar).....os cartos que levabades: por que vos ameazou?

Dixo que non porque (supoñer).....que xa lle (escribir).....vós.

10. Corrixe os verbos das seguintes oracións:

Vós andais un pouco desacougados.

Andíven por alí pero non o atopei.

Vós razoaches ben, pero non a atopástedes.

Comeches todas as filloas?

Cáinme da cama ao me espertar co ruído.

Se o houbera sabido non habería desaparecido.

Pedro casouse o martes de antroído.

Parteu a leña, pero non colliu suficiente.